


MARZO 2019

Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
Curso 2018/2019						Vacacións			Curso 2019/2020		



PINTO & CHINTO

< FEBREIRO

L	M	Me	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28		



> ABRIL

L	M	Me	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

V 1

INVENTO ÚTIL
O capitán Albert Berry realizou o primeiro salto en paracaídas desde un avión en 1912.

S 2

MENSAXE AO ESPAZO
En 1972 lanzouse ao espazo a sonda Pioneer 10 cunha mensaxe da humanidade ao mundo extraterrestre.

D 3

DOMINGO DE ENTROIDO
Os peliqueiros de Laza saen ás rúas con chocallos na cintura, máscara e látego na man.

L 4

LUNS DE ENTROIDO
O oso de Salcedo celebra o comezo da primavera no concello da Pobra do Brollón.

M 5

MARTES DE ENTROIDO
No val do Ulla os xenerais, montados a cabalo, percorren as aldeas da zona.

Me 6

MÉRCORES DE CINZA
En Xinzo de Limia, o entroido máis longo de Galicia celebra hoxe o enteiro da sardiña.

X 7

O CARDEAL DA TRANSICIÓN
O cardeal Tarancón foi elixido presidente da Conferencia Episcopal Española en 1972.

V 8

DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

S 9

HEROES DO MAR
O capitán xeral da Armada Federico Graviña morreu en Cádiz en 1806 tras a batalla naval de Trafalgar.

D 10

NACE PINOCHO
O xornalista florentino Carlo Collodi publicou en 1883 *As aventuras de Pinocho*.

L 11

COMEZA A SEMANA DA PRENSA NA ESCOLA

M 12

PIRUETA POLÍTICA
Os españois aprobaron en referendo a adhesión á OTAN, co PSOE pedindo o si onde antes pedira o non.

Me 13

UN PLANETA VIDO A MENOS
O observatorio Lowell anunciou en 1930 o descubrimento de Plutón.

X 14

SEGUE O MISTERIO
Jack Ruby é condenado á cadeira eléctrica en 1964 polo asasinato de Lee Harvey Oswald, o presunto asasino de Kennedy.

V 15

AMIGO FÉLIX
Félix Rodríguez de la Fuente falece nun accidente de aviación mentres filma unha carreira de zorras en Alasca.

S 16

O PAI DO OHMIO
Georg Ohm naceu neste día de 1787.

D 17

DÍA MUNDIAL DO MAR

L 18

GRAZAS E Á CASA
O todopoderoso chanceler Bismarck foi cesado polo mozo káiser Guillermo II en 1890.

M 19

OÍDOS XORDOS
Don Juan de Borbón propuxo en 1945 a restauración monárquica en España, pero Franco fixo oídos xordos.

Me 20

HAI MEDIO SÉCULO
John Lennon e Yoko Ono foron a Xibraltar en 1969 e casaron por sorpresa.

X 21

CHEGA A PRIMAVERA
Hoxe empeza a primavera no hemisferio norte. O equinoccio produciuse onte ás 23.59.

V 22

DÍA MUNDIAL DA AUGA

S 23

DÍA MUNDIAL DA METEOROLOXÍA

D 24

ASASINATO DE ESTADO
O arcebispo de San Salvador Arnolfo Romero foi asasinado por un soldado mentres oficiaba a misa en 1980.

L 25

MESTRE DE ZARZUELAS
En 1909 faleceu o músico e compositor alacantino Ruperto Chapí.

M 26

O CHAPEU NON SE TOCA
Carlos III substituíu ao ministro marqués de Esquilache tras o motín de 1766 en Madrid.

Me 27

DÍA MUNDIAL DO TEATRO

X 28

O POETA DO POBO
Miguel Hernández morreu en 1942 no cárcere de Alacante aos 31 anos.

V 29

TRAXEDIA NO POLO
O explorador Robert F. Scott morreu en 1912, despois de chegar ao polo sur semanas máis tarde que Amundsen.

S 30

O DEFENSOR DOS INDIOS
En 1544 frei Bartolomeu das Casas era consagrado bispo de Chiapas.

D 31

CAMBIO DE HORA
Ás dúas da madrugada hai que adiantar unha hora os reloxos: ou sexa, ás 2.00 serán as 3.00.